

Fíxate na area e poderás ver o mar




Observando as cousas que aparecen sobre a area dunha praia podemos aprender moito sobre os animais e as algas que viven nesa zona.


Todos estes son restos que podemos atopar en calquera praia da nosa contorna. Saberías dicir cales corresponden cos animais das imaxes?

Pola parte de atrás da imaxe atoparás unha ficha con máis información sobre o animal e o seu rastro.

OLLO! Hai unha especie que aparece nas fichas da que non hai ningún rastro. Sabes cal é?


Choco





Choco

SABÍAS QUE?




Chegan a medir 30-40 cm de lonxitude



Os chocos e polbos son moluscos, o mesmo grupo do mexillón e das ameixas, pero a cuncha está por dentro do corpo (como no choco) ou desapareceu (como no polbo).

Son moluscos cefalópodos, que significa que teñen os pes na cabeza!



Os chocos e os polbos son verdadeiros mestres da camuflaxe: poden cambiar de cor e de textura para que non os vexan os seus depredadores, pero tamén o fan para comunicarse.

Lapa





Lapa



Hai moitas especies de lapas. A lapa común ten un tamaño medio de 4 cm.



SABÍAS QUE?

As lapas son moluscos gasterópodos, como os caracois, e por dentro parécense moito!



Son vexetarianas, e aínda que parece que nunca se moven, saen de noite a comer. Mentres se moven, raspan as algas da rocha cunha especie de lingua con dentes que se chama rádula.

Cando terminan de comer, voltan sempre ao mesmo lugar na rocha, un sitio no que a rocha se adapta perfectamente ao contorno da súa cuncha.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

Cangrexo





Cangrexo

SABÍAS QUE?



Os cangrexos van mudando o cacho (o caparazón) conforme medran, facéndose un novo traxe acorde co seu novo tamaño.


Hai moitas especies de cangrexos. Este é un patexo. Fíxate nas súas patas, son todas planas para poder nadar. Os cangrexos que viven nas fendas das rochas teñen case todas as patas máis finas para moverse e suxeitarse mellor.

O patexo alcanza un tamaño de 4-5 cm.



Os patexos son moi abundantes nalgunhas épocas do ano e son un alimento moi importante para algunhas aves mariñas e para algunhas especies de tartaruga.


Raia





Raia


SABÍAS QUE?




Hai varias especies de raia que viven nestas augas. As máis típicas miden entre 50 cm e algo máis de 1 metro.



Este tipo de ovos reciben o nome de "monederos de sirena"



O melgacho mide como moito uns 70 cm. É totalmente inofensivo!





Vieira





Vieira



Poden chegar a medir 20 cm, xa que chegan a vivir 20 anos.



SABÍAS QUE?

As vieiras teñen ollos azuis. Ademais non teñen 2, teñen 200!



Con eles poden detectar cambios de luz e tamén formar imaxes. Así poden darse conta de que se acerca un depredador e escapar... porque tamén son capaces de nadar abrindo e pechando as valvas (as cunchas).



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

Ourizo de mar





Ourizo de mar

SABÍAS QUE?



Chega a medir 8 cm.



Os ourizos de mar son herbívoros, comen algas. Teñen unha boca con dentes, que se chama lanterna de Aristóteles, pola parte de abaixo.

Nalgunhas praias, por exemplo en Rodeira, podemos tamén atopar cunchas dos ourizos de mar de area. Son máis brandos e as súas púas son máis ben como peliños, xa que como viven soterrados na area non os precisan como defensa.



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

Mexillón





Mexillón

SABÍAS QUE?



Non soen superar os 8 cm de lonxitude.



As cunchas de mexillón son a casa de moitos outros animais, como lapas, arneiróns, vermes que viven en tubos calcários...

Igual que as lapas, os bígaros e outros animais que quedan en seco cando baixa a marea, os mexillóns gardan un pouco de auga dentro da cuncha, para non desecarse e poder seguir respirando.

Aínda que os que comemos se crían nas bateas, os mexillóns viven de forma natural sobre as rochas, pegándose a elas co biso, esa especie de pelos ou barbas que saen pola parte de fora da cuncha.



Ameixa





Ameixa

SABÍAS QUE?



Depende da especie, pero algunhas poden alcanzar os 7 cm de lonxitude.



As ameixas viven soterradas na area. Entérrasen facendo un buraco co pe (ese músculo que parece unha lingua), pero manteñen a comunicación coa superficie para poder seguir respirando e alimentándose, para o que filtran a auga sobre elas.



Hai distintas especies de ameixa que viven de forma natural en Galicia: a babosa, a rubia, a fina... e ademais hai outra especie que se cultiva, a xapónica.

Estrela de mar



PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA



Estrela de mar



SABÍAS QUE?

As estrelas de mar, igual que os ourizos, son **equinodermos**, teñen 5 ou máis seccións dispostas ao redor dun disco central. Isto chámase **simetría radial**.

As mais coñecidas teñen 5 brazos, pero hai variedades con moitos mais, ata 40!!

Poden **rexenerar un brazo perdido** tras o ataque dun depredador. Incluso a partir dun deles pode nacer outra Estrela de Mar!

Pero **RECORDA non as saques nunca da auga**, podes mancalas e as nosas mans están cheas de bacterias, virus e cremas que poden ser perxudiciais para elas.



As estrelas de mar son **carnívoras**. Aliméntanse de mexillóns, ameixas, vermes de mar e peixes pequenos. Teñen a boca na parte inferior do seu corpo (en contacto co fondo do mar). Algo moi curioso é que poden chegar a sacar os seus estómagos fóra das súas bocas para comer presas grandes.